

## O noso 68

EMILIO PÉREZ TOURIÑO  
Presidente da Xunta de Galicia

Agora, cando xa transcorreron corenta anos, é cando adquirimos unha conciencia máis nítida e obxectiva do que supuxo aquel cúmulo de acontecementos diversos que os historiadores agrupan baixo a etiqueta de *Maio do 68*. Daquela, porén, cada un dos estudantes que, dun xeito ou doutro, participamos nas mobilizacións que se produciron na Universidade de Santiago de Compostela non tiñamos, desde logo, conciencia clara de estarmos facendo historia e nin sequera de estarmos a formar parte dun movemento social e cultural máis amplo e global.

En realidade, houbo moitos “*sesentaeitos*”. A experiencia da represión da poboación checoslovaca, cos tanques moscovitas invadindo as rúas de Praga, non tiña relación aparente coas insólitas actitudes dos estudantes californianos que iniciaban o movemento “*hippie*” coas súas pracenteiras concentracións en Ashbury Park. E tamén era aparentemente abismal a diferenza de motivacións entre os estudantes da UNAM mexicana que se enfrontaron co exército de Díaz Ordaz na praza das Tres Culturas e os estudantes parisiños que esixían a conversión en real do imposible e se aprestaban a descubrir a praia debaixo dos lastros e das barricadas.

Non obstante, todas estas experiencias, simultáneas pero moi diversas, están unidas por un mesmo sentido, que é o desexo dunha vida distinta da que, precisamente ata Maio do 68, se consideraba xeralmente coma unha vida boa.

E nós? Nós eramos uns rapaces destinados a cumprimentar da maneira máis rápida e brillante posible os nosos estudos universitarios; sen máis. Eramos auténticos privilexiados nunha época na que o acceso á Universidade era posible só para moi poucos e a forza de grandes sacrificios familiares. Ninguén esperaba de nós actitudes de rebeldía que fosen máis alá de reproducir as trasnadas estudantís que *La Casa de la Troya* convertera xa nunha convención aceptada e máis ou menos simpática.

E, así e todo, dixemos non, como reclamaban Raimon e Celso Emilio Ferreiro. Rebelámonos contra un estado de cousas que percibiamos coma inxusto, arbitrario, despótico e aburrido. Nin en Santiago, nin en Madrid, nin en Barcelona ou Valencia tiñamos nada contra a sociedade da opulencia, que só coñeciamos de oídas. E tampouco estabamos demasiado influídos por lecturas e filosofías aínda moi dificilmente accesibles naquela turbia España da censura. O catalizador da nosa rebeldía foi o franquismo, un franquismo en principio difuso, que se expresaba a través da falta de liberdade, do autoritarismo irracional, da automática conxura de silencio que xurdía en torno a determinados asuntos, do conservador e hipócrita código social reinante, da apatía cultural.

As mobilizacións estudiantís daquel 68 compostelán supuxeron un antes e un despois na vida de todos os que participamos nelas. O franquismo deixou de ser só un molesto factor ambiental para converterse no obxectivo concreto dos nosos desexos de cambio político e social. Desde aquel momento soubemos que a ditadura era incompatible coa vida boa e mesmo coa vida a secas. E aprendemos a loitar contra ela de mil xeitos, incluído o canto do *Venceremos nós* e das cancións de *Voces Ceibes*, que pasaron a formar parte da nosa banda sonora xeracional. Si, hai evidentemente en Galicia unha “xeración do 68” que se foi conformando coma tal naquelas loitas, con peches e negociacións, asembleas e multas, *grises* e poesía, música e amor, soños e derrotas.

O 68 compostelán representou tamén un punto e á parte na evolución política de Galicia baixo o franquismo. Foi a partir dese momento cando a Universidade de Santiago se transformou no fervedoiro de partidos, organizacións estudiantís e asociacións culturais que protagonizarían dúcias de mobilizacións con contidos cada vez máis expresamente políticos ata ben entrada a época da Transición. E esas loitas remataron por converxer coas do movemento obreiro, que reaparecía con forza en Vigo e en Ferrol da man de Comisións Obreiras e do PC.

Creo que, xa só polo que supuxo como detonante do despertar da conciencia anti-franquista en Galicia, o 68 galego –que non foi só o mes de maio, senón un curso enteiro– merece unha valoración histórica moi positiva. Pero hai tamén outras razóns, pois os cambios que empezaron a producirse a raíz daquel curso inesquecible foron impregnando, con maior ou menor rapidez e intensidade, o enteiro comportamento social. Desde a política ata a familia, desde a escola ata as relacións entre homes e mulleres, as novas formas de entender a cultura e de concibir a vida que empezaron a despregarse a partir do 68 fixeron sentir a súa influencia en todos os ámbitos sociais. Por iso non teñen moito sentido esas execracións *antisessantaoitistas* agora tan de moda entre algúns políticos conservadores. Entre outras cousas, porque de non ser polo 68 eles nunca terían chegado ata onde o fixeron. Pero esa é xa unha historia ben distinta...